

GUÍA DO PENSIONISTA

DO RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE
SOCIAL DOS **TRABALLADORES DO MAR**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA

- 5 Como contactar co ISM?
- 7 Como é a súa pensión?
- 11 Que dereitos ten como pensionista?
- 14 Que obrigas ten como pensionista?
- 16 Tamén lle interesa saber
- 22 Principais xestións





Estimado/a Pensionista

Prácenos presentarlle a Guía do Pensionista do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, que ten por obxecto achegarlle información desde o primeiro momento en que é vostede pensionista deste Réxime Especial do Mar.

Esta información refírese aos aspectos máis xerais relacionados coa pensión que lle foi recoñecida e os dereitos que lle corresponden co gallo da súa nova condición de pensionista.

En caso de necesitar saber algo concreto polo miúdo non dubide en pórse en contacto con nós.

Se aprecia que algún dos temas aquí tratados non está suficientemente claro ou a súa lectura lle suxire algunha idea ou algunha consideración que lle gustaría que soubésemos, pregámoslle que nolo comunique, pois só coa súa axuda poderemos mellorar.

Reciba un agarimoso saúdo e o agradecemento anticipado pola súa colaboración.



4

É IMPORTANTE QUE IDENTIFIQUE
CLARAMENTE O ORGANISMO AO
QUE DEBERÁ DIRIXIRSE NO FUTURO

O INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA (ISM), dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, é o organismo que lle recoñeceu o dereito á súa pensión e á asistencia sanitaria.

A resolución do dito recoñecemento contén os datos específicos da súa pensión.

O ISM COMUNICARAO, EN
ADIANTE, PUNTUALMENTE
TODO O QUE AFECTE
Á SÚA PENSIÓN E Á
SÚA CONDICIÓN DE
PENSIONISTA

COMO CONTACTAR CO ISM?

PERSOALMENTE

Se desexa recibir unha atención persoal e directa, pode dirixirse a calquera das direccións provinciais ou locais máis próximas ao seu domicilio, cuxos enderezos e teléfonos constan nas páxinas finais desta Guía.

CORREO

Pode enviar as súas cartas e comunicacións á dirección provincial ou local máis próxima ao seu domicilio.

Convén que nos seus escritos nos indique, polo menos:

- ▶ O seu nome e dous apelidos.
- ▶ O seu número de documento nacional de identidade (DNI).
- ▶ O seu domicilio postal completo.
- ▶ Un número de teléfono no que poidamos establecer contacto con vostede.

Nosotros le escribiremos o le llamaremos para darle una contestación.



TELÉFONO

Consulte a relación de teléfonos das distintas direccións provinciais do Instituto Social da Mariña ao final do folleto.

INTERNET

Se desexa comunicarse con nós por este medio, temos á súa disposición unha páxina web con caixa de correo para consultas e suxestións.

Este é o enderezo:



A TRAVÉS DO SEU SMARTPHONE

Desde a APP “ISM en tu bolsillo”, á que poderá acceder con sistema Cl@ve, Certificado dixital ou SMS.

SEDE ELECTRÓNICA

A través da sede electrónica da Seguridade Social poderá realizar con nós trámites e xestións que afecten á súa pensión sen necesidade de desprazarse do seu domicilio, mediante a presentación electrónica de escritos, solicitudes e comunicacións.

Ademais, mediante un servizo electrónico que se pon á súa disposición poderá consultar, previa identificación, a información sobre o estado de tramitación no que se atopan as solicitudes que presentase e o estado de tramitación dos procedementos que teña abertos, a relación dos actos de trámite realizados, con indicación sobre o seu contido, así como a data na que foron ditados.

Así mesmo, poderá solicitar recibir por vía electrónica notificacións dos actos administrativos da Seguridade Social.

Este é o enderezo:





COMO É A SÚA PENSIÓN?



A SÚA PENSIÓN É DE MODALIDADE CONTRIBUTIVA



Son contributivas as pensións que foron recoñecidas como consecuencia de ter cotizado o tempo necesario para acceder a elas, ademais de reunir os requisitos establecidos legalmente para obter o dereito.

PENSIÓN INICIAL

7



O seu importe depende de:

- ▶ O tipo de pensión que se lle recoñece.
- ▶ Os anos que cotizase cando se trate dunha pensión de xubilación ou, se for o caso, dunha incapacidade permanente.
- ▶ As súas bases de cotización.
- ▶ O grao de incapacidade que lle fose declarado, se se trata dunha pensión por incapacidade permanente.

REVALORIZACIÓN

Con carácter xeral, para manter o poder adquisitivo da súa pensión, esta é actualizada ao comezo de cada ano en función do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) previsto para ese ano.

Cada vez que a súa pensión sexa revalorizada, o ISM enviaralle directamente ao seu domicilio unha comunicación na que se lle explicarán as principais características da actualización que lle corresponda.

8 COMPLEMENTO POR MÍNIMOS

Terá dereito a percibir un complemento para acadar a contía mínima que para a súa pensión fixase a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, sempre que o importe da súa pensión, o inicial máis as súas revalorizacións sucesivas, non acade a citada contía mínima.

Se percibe varias pensións e a suma de todas elas non chega ao importe mínimo establecido, o complemento asignarase a aquela das pensións da Seguridade Social cuxa contía mínima lle sexa máis favorable.

Este complemento non lle será aboado se, ademais da pensión, vostede ten outros ingresos que superen unha determinada cantidade que se fixa anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Para as pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013:

Os complementos por mínimos necesarios para acadar as contías mínimas das pensións contributivas non poderán superar o importe establecido para as pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva fixadas anualmente.

Esíxese a residencia en territorio español como requisito para percibir estes complementos por mínimos.

CONTÍAS MÍNIMAS DAS PENSIONES

As contías mínimas das pensións do Sistema da Seguridade Social están fixadas na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, dependendo o seu importe de:

A clase de pensión.

- A idade do pensionista.
- O recoñecemento dunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %, nas pensións de viuvez e nas de orfandade cando o orfo é menor de 18 anos.
- As circunstancias familiares do pensionista en función de:
 - As diferentes modalidades de convivencia e dependencia económica, con cónxuxe a cargo, con cónxuxe non a cargo ou sen cónxuxe (unidade económica unipersonal).
 - As cargas familiares nos casos de pensións de viuvez.

Para estes efectos requírirase:

- Non acadar un determinado nivel de rendas.
- Convivencia e dependencia económica do cónxuxe a cargo ou, se for o caso, dos fillos menores de 26 anos ou maiores cun grao de discapacidade de, polo menos, 33 % ou dos menores de 18 anos acollidos ou suxeitos a garda con fins de adopción.

CONTÍA MÁXIMA DAS PENSÍONS

Da mesma maneira que existen contías mínimas, tamén existe un tope ou límite máximo, fixado anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Se a súa pensión, ou a suma das súas pensións de carácter público, supera ese límite máximo establecido, soamente se lle aboará esta cantidade máxima fixada.

Ao igual que as contías mínimas, os importes máximos das pensións son revisados periodicamente.



DESCONTO MENSUAL DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF).

Se o importe da pensión que lle foi recoñecida excede dunha determinada cantidade anual, establecida na normativa fiscal, será obxecto dunha retención a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

Así mesmo, a contía desta retención dependerá das súas propias circunstancias familiares.

As pensións de orfandade e as de incapacidade permanente nos graos de absoluta e grande invalidez, están exentas deste imposto.

▶ CADA ANO O ISM
ENVIARALLE UN
CERTIFICADO COA
INFORMACIÓN
NECESARIA PARA
A SÚA POSIBLE
DECLARACIÓN DA
RENDA



QUE DEREITOS TEN COMO PENSIONISTA?

ABOAMENTO DA SÚA PENSIÓN

- Unha vez efectuado o primeiro pagamento, o ISM aboaralle a súa pensión por mensualidades vencidas, estando o importe á súa disposición na entidade financeira e ingresado na conta cando cobre por esta modalidade, desde o primeiro día hábil de cada mes.
- As pensións páganse en 14 pagas (agás que fosen causadas por accidente de traballo ou por unha enfermidade profesional, en cuxo caso serían 12 pagas) correspondentes a cada un dos meses do ano e dúas pagas extraordinarias, que se aboan en xuño e novembro.

ASISTENCIA SANITARIA

Esta prestación á que vostede e os seus beneficiarios teñen dereito, e xa lle foi recoñecida polo ISM, inclúe:

- A atención médica, dispensada de balde pola rede pública de saúde.

- A atención farmacéutica de medicamentos incluídos no Sistema Nacional de Saúde. Cando se trate de atención farmacéutica ambulatoria, os usuarios contribuírán no custo coa achega dunhas porcentaxes sobre o prezo de venda ao público, cuns máximos variables.

Os servizos sanitarios, dependendo do ámbito xeográfico, son xestionados polas comunidades autónomas, agás en Ceuta e Melilla, onde son xestionados polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (INXESA).

Tamén ten dereito a recibir asistencia sanitaria nos seus desprazamentos. Para iso:

- Se viaxa por España, abonda con que leve consigo o seu documento nacional de identidade (DNI) e a súa tarxeta de asistencia sanitaria.
- Se viaxa para estadias temporais a calquera país membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou a Suíza, debe levar consigo a tarxeta sanitaria europea.

Estados nos que ten validez a TSE: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Suecia e Suíza.

- Esta tarxeta expedida polo ISM é o documento persoal e intransferible que acredita o dereito a recibir as prestacións sanitarias que resulten necesarias, desde un punto de vista médico, durante unha estadía temporal, no territorio do Espazo Económico Europeo ou Suíza, tendo en conta a natureza das prestacións e a duración da estadía prevista, de acordo coa lexislación do país de estadía, independentemente de que o obxecto da estadía sexa o turismo, unha actividade profesional ou os estudos.
- A tarxeta sanitaria europea (TSE) non é válida se o desprazamento ten como obxectivo recibir un tratamento médico. Tampouco é o documento vá-

lido se vostede traslada a súa residencia ao territorio doutro Estado.

- Nalgúns casos, deberá asumir unha cantidade fixa ou unha porcentaxe dos gastos derivados da asistencia sanitaria, en igualdade de condicións cos asegurados do Estado ao que se despraza. Estes importes non son reintegrables.
- Poderá solicitar ou renovar a tarxeta sanitaria europea por Internet, a través da APP ISM en tu bolsillo, a través da páxina web sede.seg-social.gob.es ou ben de maneira presencial en calquera dirección provincial ou local do ISM.
- A tarxeta sanitaria europea enviarase ao seu domicilio, por iso é imprescindible que o seu domicilio estea actualizado no ficheiro de pensionistas do Sistema da Seguridade Social.
- Nos casos de viaxe urxente, pode obter un certificado provisional substitutivo (CPS), con validez de 3 meses.

SERVIZOS SOCIAIS E OUTRAS PRESTACIÓNS

Ademais da asistencia sanitaria e das prestacións económicas ás que ten dereito como pensionista, pode vostede beneficiarse dos servizos sociais de carácter complementario, como centros dedicados á atención a pensionistas (fogares, residencia, etc.), de discapacitados (ocupacionais e de recuperación), servizos de axuda a domicilio, programas de vacacións, balnearios, teleasistencia, etc.

Tamén, se for o caso, podería beneficiarse de prestacións de carácter específico, establecidas e Atención á Dependencia, que van dirixidas

a persoas que foron valoradas cun determinado grao e nivel de dependencia, en orde á súa capacidade e autonomía persoal para realizar as tarefas básicas da vida ordinaria e á súa necesidade de apoio e supervisión.

Os Servizos Sociais e as prestacións mencionadas, dependendo do ámbito xeográfico, xestionanse por parte das comunidades autónomas e tamén polo Instituto da Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO).

Se desexa información polo miúdo sobre estes servizos, pode acudir a calquera destes organismos ou ao servizo de asistencia social do seu concello.



QUE OBRIGAS TEN COMO PENSIONISTA?

Ata agora informámolo dos seus dereitos, pero tamén desexamos que coñeza os seus deberes e obrigas en materia de Seguridade Social.

COMO TITULAR DUNHA PENSIÓN CONTRIBUTIVA

Debe comunicar o ISM, dentro dos 30 días seguintes a que se produzan, as variacións que afecten á situación que vostede tiña cando se lle recoñeceu a pensión.

En todos os casos:

- Ao comezo de actividades laborais.
- O recoñecemento ou cobro doutras pensións, nacionais ou estranxeiras.
- Os cambios de estado civil, os nacementos, as defuncións.
- Se reside no estranxeiro debe enviar a Fe de vida anual en documento orixinal antes do 31 de marzo á dirección provincial que xestiona a súa pensión.

Se percibe complemento ao mínimo con cónxuxe a cargo:

- O cambio de estado civil.
- O comezo de actividades laborais do seu cónxuxe.
- Os recoñecementos e cobros doutras pensións, nacionais ou estranxeiras, que sexan incompatibles co cobro de complementos por mínimos.
- Os recoñecementos e cobros doutras pensións nacionais ou estranxeiras por parte do seu cónxuxe.
- Os incrementos do nivel de rendas, tanto os seus como os do seu cónxuxe, que sexan incompatibles co cobro de complementos por mínimos.

- ▶ Para poder manter o contacto con vostede, cómprenos coñecer o seu domicilio e o seu teléfono móbil. Comuníquenos calquera cambio.
- ▶ Se percibe complemento por mínimos con cónxuxe non a cargo ou sen cónxuxe (unidade económica unipersoal):
 - O cambio de estado civil.
 - Os incrementos do seu nivel de rendas que sexan incompatibles co cobro de complementos por mínimos.

TAMÉN O ISM PODE SOLICITAR

- Os datos identificativos do cónxuxe.
- Declaración dos ingresos obtidos polo titular durante o ano anterior.
- Declaración dos ingresos que perciban ambos os cónxuxes.

O ISM, EN TODO
MOMENTO, PODE
SOLICITAR AOS
PENSIONISTAS QUE
ACREDITEN A SÚA
VIVENCIA





TAMÉN LLE INTERESA SABER

16

SE VOSTEDE É
PENSIONISTA DE
XUBILACIÓN OU
INCAPACIDADE
PERMANENTE NA
MODALIDADE
CONTRIBUTIVA E
VAI TRABALLAR
POR CONTA PROPIA
OU ALLEA, DEBERÁ
COMUNICALO
AO ISM

Se vostede é pensionista de **INCAPACIDADE PERMANENTE**, na súa modalidade contributiva, debe saber que:

- Ata que cumpra a idade legal de xubilación que resulte de aplicación en cada caso, a declaración de incapacidade permanente pode ser revisada polo ISM ou a petición súa.
- Se se lle recoñeceu unha incapacidade permanente total para a súa profesión habitual, a súa pensión é compatible co desempeño dun emprego nunha actividade distinta da habitual.

- Se se lle recoñeceu unha incapacidade permanente total para a súa profesión habitual, pode ter dereito a un incremento no importe inicial da súa pensión do 20 %, a partir del 55 anos, cando se presuma a dificultade de obter emprego nunha actividade distinta da habitual.

Se vostede é pensionista de XUBILACIÓN, na súa modalidade contributiva, debe saber que:

- A percepción da súa pensión nun 50 % da súa contía é compatible con calquera actividade por conta propia ou allea, sempre que non se trate dunha actividade pública, sexa cal sexa a duración da súa xornada, e se dean os seguintes requisitos:


 No caso de pensións de xubilación causadas a partir de 1/1/2022, que accedese á súa pensión polo menos un ano despois de cumprir a idade de xubilación sen ter en conta bonificacións ou anticipacións.


 Que acredítase período de cotización suficiente para ter dereito ao 100 % da base reguladora da pensión.

Aínda que perciba o 50 % da súa pensión, vostede continúa coa consideración de pensionista da Seguridade Social para todos os efectos.

Cando se realiza unha actividade por conta propia, acreditando ter contratado, polo menos, a un traballador por conta allea, a contía da pensión acadará o 100 % da súa pensión.

Durante a realización do traballo compatible coa pensión de xubilación, cotizarase unicamente por incapacidade temporal e continxencias profesionais, e efectuarase unha cotización especial de solidariedade do 9 %, que para os traballadores por conta allea suporá o 2 %, sendo o resto por conta do empresario.

- A percepción da pensión é compatible cun traballo a tempo parcial nos termos establecidos, percibíndoa nunha porcentaxe igual á redución da xornada desenvolvida con relación á xornada completa.

- A percepción da contía total da súa pensión é compatible coa realización de traballos por conta propia, polos que perciba in-

gresos anuais non superiores ao salario mínimo interprofesional.

- A pensión é compatible coa percepción de rendas patrimoniais, co mantemento da titularidade do seu negocio, co desempeño das funcións inherentes á dita titularidade e coa afiliación á mutualidade dun colexio profesional.
- O pensionista non terá dereito aos complementos para pensións inferiores á mínima durante o tempo no que compatibilice a pensión co traballo.

18

- Como pensionista está obrigado, antes de comezar as actividades, a comunicar tal circunstancia ao ISM.

Se vostede é pensionista de VIUVEZ, debe saber que:

- A súa pensión é compatible coas rendas do traballo, así como con outra pensión de xubilación ou de incapacidade permanente ás que poida ter dereito.
- A súa pensión extinguirase, entre outras causas, por contraer matrimonio ou constituír unha parella de feito consonte a regulación establecida, agás que



concorran as seguintes circunstancias:

- ... Que vostede teña máis de 61 anos ou, no caso de ser menor desta idade, perciba unha pensión de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez, ou teña recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.
- ... Que a súa pensión ou pensións constitúan a principal fonte de ingresos. Enténdese que a pensión ou pensións de viuvez constitúen a principal fonte de rendementos, cando o importe anual das mesmas represente o 75 % do total de ingresos.

- ... Que o seu matrimonio ou parella de feito teña uns ingresos anuais que non superen dúas veces o salario mínimo interprofesional.

QUEN PERCIBE UNHA PENSIÓN Á QUE NON TEN DEREITO, PREXUDICA AOS DE MAIS CIDADÁNS

Se vostede é pensionista de ORFANDADE, debe saber que:

- Esta pensión de orfandade é compatible con calquera renda de traballo ata os 21 anos de idade.

- Se non efectúa un traballo lucrativo ou realizándoo, os ingresos que obteña resultan inferiores á contía do salario mínimo interprofesional vixente, todo iso en cómputo anual, poderá ser perceptor da pensión de orfandade ata os 25 anos.
- Se estivese cursando estudos e cumprirose os 25 anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión manterase ata o día primeiro do mes seguinte ao de comezo do seguinte curso académico.
- Se se atopa incapacitado no grao de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez, a pensión é vitalicia, con independencia da contía dos ingresos.



OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

► Complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero:

- As **mulleres** que tivesen un ou máis fillos ou fillas e que sexan beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación, de incapacidade permanente ou de viuvez, causada a partir do 4 de febreiro de 2021, terán dereito a un complemento por cada fillo ou filla, debido á incidencia que, con carácter xeral, ten a fenda de xénero no importe das pensións contributivas da Seguridade Social das mulleres. O dereito ao complemento por cada fillo ou filla recoñecerase ou manterase á muller sempre que non medie solicitude e recoñecemento do complemento a prol do outro proxenitor, e se este outro tamén é muller, recoñecerase a aquela que perciba pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.
- Para que os **homes** poidan ter dereito ao recoñecemento do complemento deberá concorrer algún dos seguintes requisitos:

a) Ter recoñecida unha pensión de viuvez polo pasamento do outro proxenitor dos fillos ou fillas en común, sempre que algún deles teña dereito a percibir unha pensión de orfandade.

b) Causar unha pensión contributiva de xubilación ou incapacidade permanente e interromper ou ver afectada a súa carreira profesional co gallo do nacemento ou adopción, consonte ás seguintes condicións:

1ª No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados ata o 31 de decembro de 1994, ter máis de cento vinte días sen cotización entre os nove meses anteriores ao nacemento e os tres anos posteriores á dita data ou, en caso de adopción, entre a data da resolución xudicial pola que se constituía e os tres anos seguintes, sempre que a suma das contías das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

2ª No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados desde o 1 de xaneiro de 1995, que a suma das bases de cotización dos vintecatro meses seguintes ao do nacemento ou ao da resolución xudicial pola que se constituía a adopción sexa

inferior, en máis dun 15 por cento, á dos vintecatro meses inmediatamente anteriores, sempre que a contía das sumas das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

3ª En calquera dos supostos a que se refiren as condicións 1.ª e 2.ª para o cálculo de períodos cotizados e de bases de cotización non se terán en conta os beneficios na cotización establecidos no artigo 237.

4ª Se os dous proxenitores son homes e se dan as condicións anteriores en ambos os dous, recoñecerase a aquel que sexa titular de pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.

5ª O requisito, para causar dereito ao complemento, de que a suma das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda ao outro proxenitor, esixirase no momento en que ambos os proxenitores causen dereito a unha prestación contributiva nos termos previstos na norma.

O recoñecemento do complemento ao segundo proxenitor suporá a extinción do complemento xa recoñecido ao primeiro proxenitor



e producirá efectos económicos o primeiro día do mes seguinte ao da resolución, sempre que a mesma se dite dentro dos seis meses seguintes á solicitude ou, se for o caso, ao recoñecemento da pensión que a cause; pasado este prazo, os efectos produciranse desde o primeiro día do sétimo mes.

PRINCIPAIS XESTIÓNS

CAMBIO DE CONTA CORRENTE / CAMBIO DE DOMICILIO

Se desexa cambiar de número de conta, pode autorizar á súa entidade bancaria para que nos comunique o cambio no seu nome (a través da súa entidade financeira é máis rápido e seguro).

Se a súa entidade aínda non dispón deste servizo pode facelo con identificación electrónica desde a Sede Electrónica da Seguridade Social, no servizo “Modificación datos bancarios e domicilio do pensionista (REM)”.

A través do mesmo servizo pode solicitar o cambio do seu domicilio.

OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS

Se necesita un certificado das súas prestacións da Seguridade Social, pode obtelo con identificación electrónica no servizo “Certificado de prestacións (REM)” da Sede Electrónica da Seguridade Social.

DESPEDIDA

Queremos enviarlle unha mensaxe de tranquilidade e de responsabilidade.

- De tranquilidade, porque é unha obriga dos poderes públicos manter un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta pensións axeitadas e actualizadas periodicamente..
- De responsabilidade, porque este mandato, recollido na Constitución, necesita da solidariedade das persoas que están a traballar coas que non teñen traballo, e das que xa cobran unha pensión coas que a cobrarán máis adiante.

Por iso, se excepcionalmente algunha persoa percíbise indebidamente prestacións ou contías superiores ás que correspondan, ese gasto está a incidir tanto nos que, como vostede, xa son pensionistas, como nos que poden chegar a selo no futuro. Coa súa colaboración axudará a garantir as pensións actuais e futuras.

Confiamos que esta información lle fose de utilidade nesta nova etapa da súa vida como pensionista.

DIRECCIONES PROVINCIALES del Instituto Social de la Marina

Dirección		C.P.	Poboación	Teléfono	Correo electrónico
A CORUÑA	C/ Ramón y Cajal, 2	15006	A Coruña	88 190 98 00	acoruna.dirprov.ism@seg-social.es
ALICANTE	C/ Faro de Santa Pola, 2	03001	Alicante/Alacant	96 512 65 23	alicante.dirprov.ism@seg-social.es
ALMERIA	C/ Puerto Pesquero, s/n	04002	Almería	95 062 02 11	almeria.dirprov.ism@seg-social.es
BARCELONA	C/ Albareda, 1 - 13	08004	Barcelona	93 443 96 00	barcelona.dirprov.ism@seg-social.es
BIZKAIA	C/ Virgen de Begoña, 32	48006	Bilbao	94 473 90 00	bizkaia.dirprov.ism@seg-social.es
CÁDIZ	Avda. de Vigo, s/n	11006	Cádiz	95 625 17 03	cadiz.dirprov.ism@seg-social.es
CANTABRIA	Avda. de Sotileza, 8	39009	Santander	94 221 46 00	santander.dirprov.ism@seg-social.es
CARTAGENA	C/ Muelle Alfonso XII, s/n	30202	Cartagena	96 850 20 50	cartagena.dirprov.ism@seg-social.es
CASTELLÓN	Pl. Miquel Peris i Segarra, s/n	12100	Castellón de la Plana/ Castelló de la Plana	96 428 30 72	castellon.dirprov.ism@seg-social.es
CEUTA	C/ Muelle Cañonero Dato,20	51001	Ceuta	95 650 02 40	ceuta.dirprov.ism@seg-social.es
GIJÓN	C/ Celestino Junquera, 19	33201	Gijón	98 532 72 00	gijon.dirprov.ism@seg-social.es
GIPÚZKOA	C/ Hermanos Otamendi, 13	20014	Donostia – San Sebastián	94 348 32 00	gipuzkoa.dirprov.ism@seg-social.es
HUELVA	Avda. Hispanoamérica, 9	21001	Huelva	95 925 74 11	huelva.dirprov.ism@seg-social.es
ILLES BALEARS	C/ Moll Vell, 15	07012	Palma de Mallorca	97 172 56 06	illesbalears.dirprov.ism@seg-social.es
LAS PALMAS	C/ León y Castillo, 322	35007	Las Palmas de Gran Canaria	92 849 46 45	laspalmas.dirprov.ism@seg-social.es
LUGO	C/ Rda. Músico Xosé Castiñeiras, 10 – bajo	27002	Lugo	98 222 50 10	lugo.dirprov.ism@seg-social.es
MADRID	C/ Churruca, 2	28004	Madrid	91 591 99 00	madrid.dirprov.ism@seg-social.es
MÁLAGA	C/ Pasillo del Matadero, 4	29002	Málaga	95 195 57 45	malaga.dirprov.ism@seg-social.es
MELILLA	Avda. de la Marina Española, 7	52001	Melilla	95 176 43 00	melilla.dirprov.ism@seg-social.es
SEVILLA	C/ Fernando IV, 1	41011	Sevilla	95 428 60 28	sevilla.dirprov.ism@seg-social.es
TARRAGONA	C/ Francesc Bastos, 19	43005	Tarragona	97 719 10 00	tarragona.dirprov.ism@seg-social.es
TENERIFE	Avda. de Anaga, s/n	38001	Sta. Cruz de Tenerife	92 259 89 00	tenerife.dirprov.ism@seg-social.es
VALENCIA	Av. del Port, 300	46024	Valencia	96 335 99 00	valencia.dirprov.ism@seg-social.es
VIGO	Avda. Orillamar, 51	36202	Vigo	98 621 61 00	vigo.dirprov.ism@seg-social.es
VILAGARCIA	Avda. de la Marina, 23	36600	Vilagarcía de Arousa	98 656 83 00	vilagarcia.dirprov.ism@seg-social.es



INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA

MÁS INFORMACIÓN

Página web



Sede Electrónica



Descarga la aplicación ISM en tu Bolsillo



MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

Publicación incluída no programa editorial do Ministerio de Inclusión,
Seguridade Social e Migracións (Real Decreto 829/2023, de 20 de novembro)

Nesta publicación utilízouse papel ecolóxico de acordo cos criterios
medioambientais da contratación pública

